



Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Arteixo para a impartición de ensinanzas de formación profesional básica

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou co Concello de Arteixo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous cursos escolares, 2017-2018 e 2018-2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Arteixo, para implantación de ensinanzas de formación profesional básica neste concello, concretamente no IES de Sabón que contará para o curso 2017-2018 coa oferta dos seguintes ciclos formativos de grao profesional básico:

- Familia Hostalaría e turismo: Ciclo formativo grao básico Cociña e restauración.
- Familia Electricidade e electrónica: Ciclo formativo grao básico Electricidade e electrónica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- No artigo 3 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, establécese que estas ensinanzas forman parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e deben responder a un perfil profesional e ordénanse en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable. O seu perfil profesional incluírá polo menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do





Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

- Na Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas, establece que os ciclos formativos de formación profesional básica:
 - Entre as súas finalidades, contribuirán a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
 - A súa duración é de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.
 - A súa oferta está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no artigo 15 do Decreto 107/2014, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.
- Que o Concello de Arteixo quere ampliar a oferta de ensinanzas de formación profesional no seu concello e está disposto a colaborar aportando o uso das instalacións e os equipamentos necesarios para ter oferta de ensinanzas de formación profesional básica.
- Que as partes asinantes están dispostas a colaborar para que no IES de Sabón se impartan ensinanzas de formación profesional básica no próximo curso escolar, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector produtivo, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

